



# Laudatio de Rosario Álvarez a Ana Paula Laborinho

**MEDALLAS DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA 2018**

Santiago de Compostela 23 de maio de 2018

Excelentísimo Señor Presidente da Xunta de Galicia

Excelentísimo Señor Presidente do Parlamento de Galicia

Excelentísimo Señor Presidente do Consello da Cultura Galega

Dignísimas autoridades e persoas de ben que nos acompañan neste acto de recoñecemento e afecto do Consello da Cultura Galega a outra tres persoas moi estimadas por esta institución: don Pablo Figueroa Dorrego, dona Ana Paula Laborinho e don Francisco Lores Mascato (de inesquecible memoria).

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela

—  
+34 981 957 202  
consellodacultura.gal

Agradezo a oportunidade de tomar a palabra para realizar a laudatio de dona Ana Paula Laborinho, que tamén nace dos meus afectos, da miña admiración e do meu recoñecemento persoal.

Ana Paula Laborinho formouse como filóloga na Universidade de Lisboa, baixo a guía e na compañía dalgúns dos e das lingüistas e filólogos portugueses máis ilustres, que non citarei polos seus nomes porque hoxe non é o seu día. Direi só que a vinculación con persoas dunha calidade humana e científica tan extraordinaria, que me consta sentían e senten por ela un grande afecto, era xa unha boa tarxeta de visita que auguraba



para nós unha relación de “simpatía”, no sentido etimolóxico, baseada na sensibilidade para valorar a afinidade, apreciar a diferenza, transitar con naturalidade polas pontes do diálogo e practicar a solidariedade. Ela nunca defraudou as expectativas: ao contrario, o aprecio da súa personalidade aumentou co trato directo e o coñecemento máis próximo do seu labor.

Nese ambiente universitario foi engaiolada para a docencia e a investigación. Formada en filoloxía románica na grande escola lisboeta, orientouse cara aos estudos literarios, e máis particularmente aos estudos comparativos, cunha ollada posta nas literaturas europeas e outra na pegada portuguesa en oriente. Esta liña de investigación e preocupación sobre o orientalismo portugués levouna a estudar a presenza da literatura portuguesa florecida naquelas terras e tamén a seguir as pegadas do Extremo Oriente na literatura portuguesa. Pero, ademais, levouna a Macau, requirida por aquel Goberno para traballar no Instituto Cultural de Macau (hai agora 30 anos).

En Macau e desde Macau despregou unha intensa actividade, entrecruzando a súa propia dedicación docente na Universidade de Macau (enténdase: docencia, investigación e xestión), coa extensión cultural (en forma de divulgación da literatura portuguesa contemporánea, traducida e/ou prologada) e mais coa actividade de acción exterior a prol dos intereses portugueses en materia de lingua e cultura en Oriente, e non só en Macau: digamos só que formou parte da comisión fundadora do Instituto Portugués do Oriente, que opera desde a costa occidental da India ao Xapón; coordinou os lectorados de portugués en Asia; e instalou os Servizos Culturais das Embaixadas de Portugal na India, Tailandia, China, Corea e Xapón.

Recoñecida como orientalista e mais como experta en políticas lingüísticas e en políticas culturais, non estraña que, xa retornada a Portugal,



fose reclamada para exercer outras altas funcións nesta liña, entre as que destacamos a de ser asesora no Gabinete para a Comunicación, Turismo e Cultura do Goberno de Macau e, sobre todo, a de presidenta do Instituto Português do Oriente que contribuíra a fundar uns anos antes: nese posto acompañou a transferencia de Macau, da soberanía portuguesa para a da República Popular de China.

Estas eran as credenciais con que, en 2010, Ana Paula Laborinho foi nomeada presidenta do Instituto Camões. Desde ese posto dirixiu a transformación, ampliación e modernización desta institución: xunto á difusión da lingua portuguesa incluíuse a cooperación internacional para o desenvolvemento; estendeuse a presenza do portugués a preto dun centenar de países nos cinco continentes; favoreceuse o desenvolvemento do ensino dixital e de produtos innovadores para a comunicación cultural e o ensino da lingua a distancia; acompañouse dunha rica programación de actividades de divulgación cultural, en diversos formatos etc. En definitiva, nos 8 anos en que estivo á fronte do Instituto Camões, Ana Paula Laborinho converteu esta institución nun modelo entre as do seu tipo, tanto na divulgación da lingua e cultura portuguesas en todo o mundo coma na atención ás comunidades portuguesas espalladas en todos os continentes (non residentes en países de lingua portuguesa, mais que manteñen a vinculación como lingua de herdanza).

E nese contexto comezou a relación co Consello da Cultura Galega e a cadea de méritos que queremos recoñecer coa concesión desta medalla. Desde a primeira hora, Ana Paula Laborinho, presidenta do Instituto Camões, prestou atención e foi sensible aos intereses manifestados desde Galicia polo Consello da Cultura Galega, nun ambiente de comprensión total e franca cooperación. Abonde con dicir que no mesmo ano en que asumiu o cargo aceptou o noso convite para viaxar a Galicia, onde tivo un



encontro cunha trintena de representantes da cultura galega e asinou o primeiro protocolo-marco para realizar actividades conxuntas e intercambios culturais. Ela contribuíu a abrirlle á cultura galega as portas das institucións portuguesas, e, en certo modo, na medida das súas posibilidades, o camiño cara aos países de lingua oficial portuguesa; nesa liña, o seu consello e apoio foron fundamentais en distintos momentos, e de maneira decisiva para a admisión do Consello da Cultura Galega como observador consultivo da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa. Receptiva, comprensiva, interesada, facilitadora... nun contexto de irmandade e simpatía que sempre recoñecemos e hoxe queremos afirmar en público, con esta medalla, que leva as cores de Galicia e o escudo do Consello da Cultura, no que non podo deixar de chamar a atención sobre a presenza da serea oceánica que irmanda galegos e portugueses.

Prezada Ana Paula, móvenos o cariño e o agradecemento. Recoñecemos a túa contribución no tempo en que estiveches na ponte de mando do Instituto Camões, pero os nosos camiños non se separan aquí: as nosas portas sempre estarán abertas e os nosos afectos intactos. Desexámosche moitos éxitos no teu novo reto, como directora da delegación portuguesa da Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura, no que sen dúbida confluirán de novo os nosos camiños e teremos ocasión de novas complicidades. Beizón.

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela

—  
+34 981 957 202  
[consellodacultura.gal](http://consellodacultura.gal)